



Desafíos e oportunidades na illa Terceira

Os días 3 e 4 de outubro de 2024, a illa Terceira (Azores) serviu como escenario para a Xornada titulada Podoloxía Bovina: Desafíos e Oportunidades na Illa Terceira, unha nova iniciativa da APPB que, malia a súa brevidade, foi intensa e moi valorada polos podólogos, veterinarios e produtores de leite que se reuniron alí para abordar o tema da mobilidade das vacas e a saúde das patas.



Richard Touret

Vogal da APPB; médico veterinario en Finca-Pé | www.fincapé.com


Para contextualizar, en Terceira, unha das nove illas que constitúen o arquipélago dos Azores, a produción de leite é unha das principais actividades económicas. As illas Azores son responsables da produción dun terzo do leite portugués e no ano 2020 preto do 24 % do leite recollido no arquipélago foi producido na Illa Terceira. Nos Azores, o sistema de produción de leite é diferente ao habitual.

Cun clima bastante benigno, amplitudes térmicas pequenas e terras moi fértils, os animais tradicionalmente permanecían no campo e alimentábanse dos pastos durante case todo o ano.

Os cambios de manexo implementados na actualidade, relacionados coa construción de máis establos e salas de muxido fixas, obrigaron as vacas a realizaren viaxes máis longas, varias veces ao día. Estes desprazamentos son emprendidos a miúdo por chans degradados e a marchas rápidas. Estas situacións, agravadas por esperas ou confinamento en parques ou terreos moi lameiros, provocaron un incremento de casos de patoloxía podal.

UN ENCONTRO BREVE, PERO MOI PRODUTIVO

O primeiro día desta Xornada, os socios da APPB Marc Pineda (Picovets),



Sistema tradicional de produción de leite na illa

António Nunes (Caracol da Planície), Paulo Júnior e Richard Touret (Finca-Pé) uníronse aos seus compañeiros podólogos Fábio Andrade e Nuno Silva (Unicol) na granxa Agropec Sousa e Silva, situada en Paul, nunha sesión práctica que serviu para es-

► OS CAMBIOS DE MANEXO IMPLEMENTADOS NA ACTUALIDADE NA ILLA [...], AGRAVADOS POR ESPERAS OU CONFINAMENTO EN PARQUES OU TERREOS MOI LAMEIROS, PROVOCARON UN INCREMENTO DE CASOS DE PATOLOXÍA PODAL



Auditoría práctica das instalacións visitadas



Inmovilización dos animais nun potro de volteo

coitar e comprobar en primeira persoa as inxedanzas dos compañeiros insulares. Foi unha oportunidade para inspeccionar as extremidades e os pezuños de animais afectados por diversas formas de coxeira. Tras a súa inmovilización nun potro de volteo, aínda utilizados na illa pola súa portabilidade en furgonetas especialmente modificadas e a súa sinxela montaxe tanto nos pastos coma en parques e establos (na maioría das visitas só se atenden animais moi coxos e en pequeno número), realizáronse os recortes e tratamentos axeitados, e debatéronse os efectos das lesións atopadas e os factores de risco presentes na granxa.

Tres talleres prácticos

O segundo día, os participantes (produtores e podólogos da illa Terceira, podólogos da veciña illa de São Miguel e veterinarios de Unicol) foron amablemente recibidos nas granxas Edgar Sousa, situada en Tamejal, e SAP Gomes Aguiar, situada en Pico Celeiro, onde tiveron a oportunidade de participar alternativamente en tres obradoiros prácticos. Nunha primeira sesión, António Nunes, Fábio Andrade e Nuno Silva demostraron

técnicas e “trucos” para o manexo e a inmovilización de vacas no potro de volteo; logo procederon a realizar o recorte funcional, así como a identificar e tratar lesións nos pezuños, mantendo un debate activo co público.

Noutro obradoiro, Paulo Junior actualizou os asistentes sobre a técnica de afiado e mantemento de legbras e discos de corte, e revisou os tipos de adhesivos e tacos ortopédicos, así como as boas prácticas na súa aplicación. Os alí presentes tamén tiveron a oportunidade de repasar algunhas nocións anatómicas dos pezuños. Finalmente, nun terceiro obradoiro, Marc Pineda guiou os participantes nunha auditoría informativa das instalacións visitadas.

No transcurso do evento promoveuse un animado debate, buscando identificar puntos críticos das ganderías,

que se centrou en diversas categorías: tipo de estabulación; tipo de solo e tipo de limpeza; número de animais en relación ás prazas e dimensións de cubículos, cornadizas e bebedoiros; comodidade das camas; o tempo medio de repouso, deitado e de muxido; ventilación; xestión de pediluvios e manexo ao secado. No coloquio participaron de forma activa e interesada os propietarios para saber como todos estes factores poden motivar unha maior ou menor prevalencia de coxeiras.

Despois dunha sesión de clausura realizada polos veterinarios João Fagundes (Unicol) e Marc Pineda, onde se destacaron os efectos da tendencia á cronicidade das lesións debido a unha atención (aínda) demasiado tardía, a xornada matinal rematou cun xantar con todos os participantes en Fonte Bastardo. ►►

RAYADO Y PICADO de pasillos de establos

Marcos Villamide:
626 096 129



Marcos Villamide Construcciones S.L.U | Álvare, s/n 27248 A Pastoriza (Lugo)

► TEMOS QUE ROMPER COA MENTALIDADE DE QUE “A VACA QUE SE VOLVE COXA, PERMANECE COXA”, É DICIR, NON NORMALICEMOS NIN ASUMAMOS A COXEIRA NO ESTABLO COMA UN PROBLEMA ACEPTABLE!



Catarina Coelho puxo o foco na identificación de factores de risco de coxeira en vacas leiteiras da illa



Os desprazamentos nos camiños da illa poden ser un factor de risco importante

Sesión teórica en Unicol

Ese mesmo día, a sala de reunións de Unicol, situada na Zona Industrial de Angra do Heroísmo, acolleu a sesión teórica dirixida a todos os técnicos, produtores e estudantes do sector.

Na primeira intervención, titulada “Identificación de factores de risco de coxeira en vacas leiteiras da illa Terceira”, a veterinaria Catarina Coelho revelou gran cantidade de información, resultante das investigacións que levou a cabo na illa sobre o tema, e sinalou tamén as limitacións ás que se enfrontou durante o estudo. Do debate final da súa exposición aprendemos que “se reduce a prevalencia de coxeiras nas explotacións cuxos animais pasan 24 horas pastando” e que “a xestión da explotación, así como a infraestrutura asociada a ela, están na orixe da maioría dos factores de risco das coxeiras”.

Pola súa parte, o veterinario especialista en saúde podal, Marc Pineda, impartiu unha conferencia maxistral que levaba o título da xornada: “Desafíos e oportunidades para a saúde podal na illa Terceira”.

O relator dirixiu a asistencia a través dunha sistematización integral do tema, apoiándose constantemente nos datos científicos máis recentes. Para concluír, deixou unha serie de mensaxes para maximizar a saúde podal, que nos quedaron gravados: manexo dos animais reducindo o estrés; realización de recortes periódicos e constantes no tempo; aplicación de medidas preventivas para controlar as lesións infecciosas; atención temperá á coxeira para mellorar o pronóstico e a recorrencia; uso de antiinflamatorios non esteroides para mellorar a taxa de curación e o BEA para reducir a remodelación ósea e as recorrencias, e, finalmente, atención á recría e ás vacas secas nos protocolos de saúde podal.

A charla de Pineda rematou cunha idea que, ao seu xuízo, nunca debemos perder de vista: temos que romper coa mentalidade de que “a que se volve coxa, permanece coxa”, é dicir, non normalicemos nin asumamos a coxeira no establo como un problema aceptable!

Ambas as conferencias espertaron moito interese entre o público

e motivaron moitas preguntas, así como un longo e entusiasta debate entre o público e os relatores. ■

CONSELLOS DA XORNADA

Co obxectivo de previr lesións nos pezuños, reducir o número de coxeiras e as consecuentes perdas asociadas, no encontro transmitíronselles aos produtores as seguintes medidas para ter en conta nas súas ganderías:

- Construción de salas de muxido a pouca distancia dos pastos (máximo 15 a 20 minutos)
- Mantemento frecuente de camiños
- Respetar o ritmo das vacas durante o percorrido (1,2 km/h)
- Recorte funcional e rutineiro de pezuños
- Uso de pediluvios



Gestión integral con UNIFORM

*50% de descuento en la puesta en
marcha del programa*



Si solicitas ahora una demostración online sin compromiso, entrarás en el SORTEO de 1 año de soporte mensual gratuito del programa.

Lucía García Lens



+34 650 90 58 91



lucia@uniform-agri.com